


Concello de Ribeira de Piquín



Expediente núm.: 182/2025

Acta de Baremación

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

ACTA DE BAREMACIÓN DE MÉRITOS (FASE DE CONCURSO)

En Ribeira de Piquín (Lugo), a 9 de xaneiro do 2026.


Reunidos no Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), ás 09:15 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para a baremación de méritos da fase de concurso, entre os/as aspirantes incluídos/as na lista definitiva de admitidos/as do proceso de selección, para a cobertura en propiedade, dunha praza de Operario/a de Servizos-Fontaneiro, correspondente á oferta de emprego público para o ano 2025 do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), segundo convocatoria e bases aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión ordinaria do 30/09/2025 e publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 232, do 09/10/2025, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 209, do 29/10/2025 e BOE núm. 259, do 28/10/2025, polo que respecta á publicidade da convocatoria.

Vista a Resolución de Alcaldía núm. 2026-002, do 02/01/2026, rectificada por Resolucións de Alcaldía 2026-003, do 02/01/2026 e 2026-008, do 07/01/2026, mediante a que se acorda nomear o Tribunal cualificador para o proceso selectivo indicado e convocar ó Tribunal de valoración para a avaliación dos méritos na fase de Concurso para o venres 09/01/2026 ás 10:00 horas.

Ás 10:10 horas, no Salón de Plenos do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo), reúnese o órgano de selección, coa asistencia que se indica:



Concello de Ribeira de Piquín



Presidente	D. Juan Hernando Rosa Ruiz, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Bóveda e O Incio (Lugo).
Secretario	Dña. María del Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).
Vogais	D. Javier Río Fernández, Electricista do Concello de Vilalba (Lugo)
	D. Medardo Monteagudo López, Oficial de 1ª Fontaneiro do Concello de A Fonsagrada (Lugo).
	Dª. María Cristina Camba Gómez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Bóveda, Lugo).

Vista a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó citado proceso selectivo, aprobada por Resolución de Alcaldía núm. 2026-002, do 02/01/2026, rectificada por Resolucións de Alcaldía 2026-003, do 02/01/2026 e 2026-008, do 07/01/2026 e publicada no BOP de Lugo núm 45, do 07/01/2026, sendo a seguinte:

LISTA DE ADMITIDOS/AS


DNI	APELIDOS E NOME	ACREDITACIÓN GALEGO
***4801**	DORADO CORSINO, VÍCTOR	SÍ
***5142**	LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	SÍ

LISTA DE EXCLUÍDOS/AS



Concello de Ribeira de Piquín

Ninguén



Vista a base 7ª das bases reguladoras do citado proceso selectivo, en relación co sistema de selección e desenvolvemento do proceso, onde se indica:

PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O proceso de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

FASE CONCURSO:

Con carácter previo á fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que presenten solicitude de participación e estean definitivamente admitidos. A puntuación total dos méritos non poderá exceder de 4 puntos.

Méritos computables:

a) Experiencia profesional:

Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, como operario/a / peón de servizos varios / múltiples / diversos ou fontaneiro, en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación:



Concello de Ribeira de Piquín



- Por servizos prestados en calquera das Administracións Públicas ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes das mesmas, en réxime funcional ou laboral, **a razón de 0,04 puntos por cada 30 días de traballo**, segundo informe de vida laboral.

Non serán obxecto de valoración os servizos prestados na modalidade de prácticas ou formativos.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

-Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas **valorarase a razón de 0,02 puntos por cada 30 días de traballo**, segundo informe de vida laboral.

A experiencia profesional computarase mediante informe de vida laboral ao que obrigatoriamente deberá achegarse copia de contratos de traballo ou certificados de servizos prestados nos que consten as funcións desempeñadas. A carencia dun destes documentos implicará a non valoración deste mérito alegado. No caso de traballadores/as autónomos/as, mediante certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social na que conste o epígrafe e certificación da Axencia Tributaria dos períodos de alta no IAE.

A Puntuación total deste apartado non poderá exceder de 1 punto.

Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala. A Puntuación total deste apartado **non poderá exceder de 2 puntos.**

b) Cursos:

Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito:

Cursos relacionados estreitamente coas funcións do posto de traballo, de acordo co seguinte baremo:



Concello de Ribeira de Piquín



- **Ata 50 horas: 0,10 puntos por curso.**
- **De 51 horas a 100: 0,25 puntos por curso.**
- **De 101 horas en adelante: 0,50 puntos por curso.**

A Puntuación total deste apartado **non poderá exceder de 1 punto.**"

Vista a base 4ª das bases reguladoras do citado proceso selectivo, en relación coa documentación acreditativa dos méritos dos aspirantes, onde se indica:

"As solicitudes de participación deberá xuntarse á seguinte documentación:

- I-** Copia autenticada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.
- II-** Copia autenticada da titulación requirida do nivel de formación equivalente a Técnico auxiliar ou Técnico de mantemento, especialidade Fontanaría, certificado de profesionalidade de nivel 2 que corresponda á categoría do posto ofertado e garde relación coas funcións, ou formación equivalente.
- III-** Copia autenticada do permiso de conducir tipo B.



Concello de Ribeira de Piquín



- IV-** Copia autenticada da documentación que acredite os méritos que o aspirante desexe que se teñan en conta na fase de concurso, e que deberán posuírse na data de finalización de presentación de instancias. Non se terá en conta ningunha documentación que non fose aportada no momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.
- V-** Copia autenticada da acreditación do coñecemento da lingua galega, Celga 2, ou equivalente, no seu caso. No seu defecto, realizarase unha proba escrita que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego na que o aspirante amose o seu coñecemento da lingua galega."

A continuación procédese a avaliación individualizada dos méritos dos aspirantes incluídos na lista definitiva de admitidos, co seguinte resultado:

DORADO CORSINO, VÍCTOR ***4801**		PUNTUACIÓN: 1,70
FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN	
1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 2 puntos)	1,20	-Concello de Guntín (153 días) 30 días = 0,04 (En calquera das A.A.P.P.ou O.O.A.A. dependentes) Total: 153 días = 0,20 puntos
		-Construcciones Jaime do Pazo, S.L. (1.997 días) 30 días = 0,02 (En entidades privadas) Total: 1.997 días = 1,00 punto (máximo)
Observacións: <i>Terase en conta a experiencia profesional por conta allea dos/as aspirantes, <u>como operario/a / peón de servizos varios / múltiples / diversos ou fontaneiro</u>, en traballos relacionados co temario do Anexo I do xeito que se indica a continuación..."</i>		



Concello de Ribeira de Piquín



2. CURSOS (máximo 1 punto)	0,50	-Montaxe, posta en servizo, mantemento, inspección e revisión de instalacións receptoras e aparatos de gas (460 horas) = 0,50 puntos
Observacións: <i>"Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito..."</i>		

LÓPEZ FELIPE, RUBÉN ***5142**		PUNTUACIÓN: 2,25
FASE DE CONCURSO	PUNTUACIÓN	
1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 2 puntos)	2,00	-Concello de Ribeira de Piquín (2.622 días) 30 días = 0,04 (En calquera das A.A.P.P.ou O.O.A.A. dependentes) Total: 2.622 días = 1,00 punto (máximo) -José Osorio Rancaño (2.458 días) 30 días = 0,02 (En entidades privadas) Total: 2.458 días = 1,00 punto (máximo)
Observacións:		
2. CURSOS (máximo 1 punto)	0,25	-Automatas programables (76 horas) = 0,25 puntos
Observacións: <i>"Valoraranse os cursos de formación que versen sobre materias que garden relación co posto de traballo ao que se aspira e/ou coa Administración Pública en xeral, sempre e cando a súa temática corresponda co temario incluído no Anexo I das presentes bases. É requisito para ser valorados que os cursos foran impartidos por unha Administración Pública ou entidade dela dependente ou homologados por estas, un centro oficial de formación ou unha institución homologada para impartir formación profesional continua, valorándose do seguinte xeito..."</i>		

Á vista de todo o anterior, o resultado da fase de concurso do proceso selectivo queda finalmente como segue:



Concello de Ribeira de Piquín





DNI	APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (CURSOS)	PUNTUACIÓN TOTAL FASE DE CONCURSO
***4801**	DORADO CORSINO, VÍCTOR	1,20	0,50	1,70
***5142**	LÓPEZ FELIPE, RUBÉN	2,00	0,25	2,25


Acórdase, por unanimidade dos membros do Tribunal presentes, abrir un prazo de alegacións contra as presentes valoracións de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación dos presentes resultados nos taboleiros físico e electrónico deste Concello (<https://ribeiradepiquin.sedelectronica.gal>), rematando o prazo o mércores 14/01/2026 ás 23:59 horas. En caso de existir algunha/s alegación/s, resolveranse as mesmas polo Tribunal o martes 20/01/2026, con motivo da constitución para a realización do primeiro exercicio (tipo test).

E para a debida constancia de todo o actuado, esténdese a presente acta, por duplicado exemplar, en Ribeira de Piquín (Lugo), a 9 de xaneiro de 2026, asinándose por tódolos membros do tribunal de selección.


JUAN HERNANDO ROSA RUIZ


M^a DEL PILAR TELLA MAZOY


M^a CRISTINA CAMBA GÓMEZ


JAVIER RÍO FERNÁNDEZ


MEDARDO MONTEAGUDO LÓPEZ